

## DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS DO CLUSTER DA FUNCIÓN LOXÍSTICA DE GALICIA E OS SEUS ASOCIADOS

### Respecto da relación coas persoas

1. Somos conscientes da necesidade da protección dos **dereitos humanos**, recoñecidos internacionalmente en nome da dignidade das persoas, e traballamos por defendelos no noso ámbito de influencia.
2. Cumprimos as normativas que regulan o emprego e as **relacións laborais** con absoluto respecto polos traballadores sen deixar espazo a discriminacións por raza, sexo ou calquera outra cuestión ao tempo que apostamos pola mellora continua do marco legal de carácter laboral.
3. Entendemos o desenvolvemento do **talento** como unha riqueza fundamental e favorecemos a formación regrada e non regrada orientada ás necesidades empresariais.

### Respecto da relación con outras empresas e organismos

4. **Colaboramos cos organismos públicos e privados** cos que compartimos obxectivos e formas de actuar procurando sinerxías que favorezan o interese xeral e desenvolvemento económico de Galicia nun marco de actuación responsable.
5. Defendemos e buscamos un **equilibrio adecuado nas lexítimas aspiracións das empresas**, coa correspondente lealdade tanto coas competidoras como provedoras e clientas e sempre dentro da lexislación vixente.
6. Contribuímos aos **ingresos públicos** a través do pagamento de impostos de aplicación e cumprindo coas normativas fiscais.
7. Alonxámonos da **corrupción** en calquera das súas formas.

### Respecto da relación coa sociedade e o contorno

8. Apoiamos o desenvolvemento da **capacidade innovadora** do país de cara a unha mellora competitiva tanto do territorio como das empresas. Para iso promovemos a existencia e desenvolvemento dun ecosistema innovador propicio na función loxística de Galicia.
9. Potenciamos no noso ámbito un **desenvolvemento social e cultural** propio do século XXI con especial atención á igualdade de oportunidades.
10. Mantemos un enfoque que entende o **medio ambiente** como o contorno que nos acolle e que debe ser coidado adecuadamente.

